



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 12 DE DECEMBRO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día doce de decembro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

D. Miguel A. Español Otero

D^a. Montserrat Magallanes Alvarez

D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

D^a. Teresa Vicente Baz

D. Paulino Rodríguez Gonzalez

Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (ACTA DE 28.11.2017).

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o pasado día 28 de novembro de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada por unanimidade.

PUNTO 2.- APROBACIÓN COTAS DO MERCADO (PRAZA DE ABASTOS). SETEMBRO E OUTUBRO.

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de mercado, e vista la relación de recibos ao cobro realizado pola tesourería municipal, corespondente aos meses de setembro e outubro de 2017,

PROPOÑO á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar as relacións de recibos dos meses de setembro e outubro de 2017 para a súa posta ao cobro

RELACIÓN DOS POSTOS FIXOS DO MERCADO MUNICIPAL DA GUARDA (MES DE SETEMBRO DE 2017)

CARTA DE PAGO	Nº POSTO	PLANTA	CONTRIBUÍNTE	IMPORTE	DATA PAGAMENTO
0	1	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	2	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 161/2017	3	BAIXA	CARRERO VICENTE, A. JAVIER	89,18	
MER.- 162/2017	4	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	89,18	
MER.- 163/2017	5	BAIXA	BAZ VICENTE, LUIS	115,90	
MER.- 164/2017	6	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	44,86	



Concello A Guarda

MER.- 165/2017	7	BAIXA	PESCADOS NARCISA, S.L.	106,97	
MER.- 166/2017	8	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
MER.- 167/2017	9	BAIXA	RODRÍGUEZ CADILLA, Mª CARMEN	80,17	
MER.- 168/2017	10	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	66,81	
MER.- 169/2017	11	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	80,17	
0	12	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 170/2017	13	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	89,18	
MER.- 171/2017	14	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
0	15	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.-172/2017	BANCADAA	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	26,73	
0	1	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 173/2017	2	ALTA	LEIRA FERRO, Mª YOLANDA	29,43	
MER.- 174/2017	3	ALTA	VAQUERO ENES, MERCEDES	66,81	
MER.- 175/2017	4	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	
0	5	ALTA	VACANTE		BAIXA
MER.- 176/2017	6	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	
MER.- 177/2017	A	ALTA	ALONSO RGUEZ, NAHIR BEGOÑA	53,45	
0	B	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 178/2017	C	ALTA	MARTÍNEZ VICENTE, JOSEFINA	44,60	
0	D	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 179/2017	E	ALTA	VICENTE SOUSA, F. JAVIER	44,60	
MER.- 180/2017	F	ALTA	ALONSO RGUEZ, NAHIR BEGOÑA	35,66	
TOTAL RECIBOS				1.331,78	

RELACIÓN DOS POSTOS FIXOS DO MERCADO MUNICIPAL DA GUARDA (MES DE OUTUBRO DE 2017)

CARTA DE PAGO	Nº POSTO	PLANTA	CONTRIBUÍNTE	IMPORTE	DATA PAGAMENTO
0	1	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	2	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 181/2017	3	BAIXA	CARRERO VICENTE, A. JAVIER	89,18	
MER.- 182/2017	4	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	89,18	
MER.- 183/2017	5	BAIXA	BAZ VICENTE, LUIS	115,90	
MER.- 184/2017	6	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	44,86	
MER.- 185/2017	7	BAIXA	PESCADOS NARCISA, S.L.	106,97	
MER.- 186/2017	8	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
MER.- 187/2017	9	BAIXA	RODRÍGUEZ CADILLA, Mª CARMEN	80,17	
MER.- 188/2017	10	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	66,81	
MER.- 189/2017	11	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	80,17	
0	12	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA



Concello A Guarda

MER.- 190/2017	13	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	89,18	
MER.- 191/2017	14	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
0	15	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.-192/2017	BANCADA A	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	26,73	
0	1	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 193/2017	2	ALTA	LEIRA FERRO, MARÍA YOLANDA	29,43	
MER.- 194/2017	3	ALTA	VAQUERO ENES, MERCEDES	66,81	
MER.- 195/2017	4	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	
0	5	ALTA	VACANTE		BAIXA
MER.- 196/2017	6	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	
MER.- 197/2017	A	ALTA	ALONSO RODRÍGUEZ, NAHIR BEGOÑA	53,45	
0	B	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 198/2017	C	ALTA	MARTÍNEZ VICENTE, JOSEFINA	44,60	
0	D	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 199/2017	E	ALTA	VICENTE SOUSA, FRANCISCO JAVIER	44,60	
MER.- 200/2017	F	ALTA	ALONSO RODRÍGUEZ, NAHIR BEGOÑA	35,66	
TOTAL RECIBOS				1.331,78	

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 3.- EXPTE. 1656/2017.-RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN ENTABLADO POR D. RAMÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ MEDIANTE ESCRITO DE 6-6-2013 CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 3-5-2013 POLO QUE NON SE ACCEDEU A SOLICITUDE DO Sr. GONZÁLEZ DO PINTADO CON RAIAS AMARELAS PARA IMPEDILO ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS E QUE PERMITA A SAIDA DOS VEHÍCULOS COMO POSIBILIDADE DE PODER EXECUTA-LO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 11-2-2016 NO QUE SE ACORDOU O PINTADO DUNHAS LIÑAS AMARELAS QUE IMPIDEN O ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS A ALTURA DO N.º 24 DA RÚA 3ª TRANSVERSAL BARRIO DA CRUZ. SOLICITANTE: RAMÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ. R.E. N.º 2879 DE DATA 7-5-2016.

Visto o seguinte informe do Asesor Xurídico do Concello de A Guarda de data 30.11.2017 que se transcribe literalmente:

“ FEITOS

Primeiro: Entre o citado solicitante e o titular da vivenda sita no n.º 24 da rúa Transversal Barrio da Cruz, Sr. Renda Álvarez existen unha serie de escritos e denuncias cruzadas a raíz dun problema co suministro de auga potable, segundo consta no expediente, que deu lugar a que teñan solicitado diversas actuacións do Concello, entre elas, información urbanística sobre as construcións existentes nas súas respectivas parcelas e as licencias de obras que teñan en vigor.

Segundo: Asimesmo, consta no expediente que os citados interesados obtiveron diferentes licencias de obras para facer distintas construcións nas súas propiedades, así como que remitiuse a Axencia de



Concello A Guarda

Protección da Legalidade Urbanística a denuncia formulada polo Sr. González contra o Sr. Renda por ter realizado éste unha serie de galpóns sen gardar os retranqueos reglamentarios adolecendo de licenza municipal.

Ademáis, entre as licencias de obra que constan a favor do Sr. Renda existe unha de data 28-4-1987, debendo resaltar que o texto da mesma di claramente que “visto el expediente instruído por D. José M.^a Renda Álvarez para la construcción de una vivienda unifamiliar en el lugar de la c/ Cruz, Salcidos, considerado como suelo no urbanizable, y resultando que dicho expediente se ha tramitado conforme establece el artículo 42 de la Ley 11/85, de 22 de agosto de 1.985, siendo informado favorablemente por la Comisión Provincial de Urbanismo, esta Comisión Municipal de Gobierno acuerda por unanimidad la concesión de la citada licencia debiendo de **adaptarse al proyecto presentado, redactado por el arquitecto D. Desiderio Pernas y otro, debiendo colocarse, igualmente un cartel informativo de la obra y retirarse a 5 metros de cualquier lindero.**”

Tamén consta como licenza de obra outorgada ó Sr. Renda a concedida pola Comisión de Gobeño municipal con data 14-9-1994 para “a construcción dun cerrado no predio a carón da súa vivenda de 10 m.lx1,8 m/l, na rúa 3ª Trav Cruz n.º 22”, debendo destacar que no reverso da licenza consta un informe técnico de data 27-9-1994 no que se fai constar “ALINEACIÓN. El cierre de la parcela estará a 5,00 m del eje del camino”.

Terceiro: D. Ramón González con fecha 16-4-2013 presentou instancia pola que denuncia que no indicado sitio (n.º 24 da rúa 3ª Transversal da Cruz), hai coches aparcados na vía pública que fan imposible que calquera vehículo que entre poida sair, interesando a valoración do Concelleiro de Tráfico para pintar unhas liñas que impidan o aparcamento e favorezcan a saída de coches (folios 13 e 14 do expediente municipal).

A raíz de dita instancia o Oficial da Policía Local emitiu informe de data 29-4-2013 no que indica “que examinada la documentación existente en este Concello, además de verificar también datos por medio del Catastro, no existe ningún documento que acredite que la zona que usted solicita para pintar, esté situada en camino público. Por lo que esta policía no puede señalar una zona que no está claro que sea de titularidad municipal” (folio 22 del expediente).

Asumindo íntegramente o informe en cuestión, con data 3-5-2013 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de non acceder ó solicitado (folio 23), que foi notificado o Sr. González o 23-5-2013. Impugnando o referido acordo polo Sr. González González, entablou recurso de reposición de data de entrada el 6-6-2013 (folios 28 ó 30), solicitando que se recoñecese a titularidade pública do camiño nese concreto espacio e o pintado das franxas amarelas de prohibido aparcar.

Cuarto.- Con data 9 de outubro de 2013, este Letrado emitiu informe no expediente relativo as licencias de obras solicitadas no que conclúin que, ante as contradiccións existentes no expediente sobre a titularidade dos terreos onde iban a ubicarse as obras, era necesario realizar un estudio previo (artigo 48 do Regulamento de Bens das Entidades Locais), tendente a verificar se era necesario incoar un expediente de investigación da titularidade do camiño ó que daban fronte as parcelas dos interesados sobre as que se interesaba a licenza (folios 126 y siguientes del expediente administrativo).

Quinto.- Con data 2 de Xaneiro de 2014 o Arquitecto municipal emite informe no que se formulan as seguintes conclusións:

“- Por lo antedito se considera comprobado que:

- O trazado do actual camiño se corresponde cun camiño público existente no catastro antigo (ano 1.956)
- A delimitación das parcelas recollidas no catastro vixente non se axusta a realidade.
- O camiño orixinal tiña un ancho aproximado entre 2 e 2.5 ml.
- O camiño público remata contra o linde sur da parcela de D. Ramón González González
- Na zona de camiño de paso, sobre la parcela de D. Ramón González existe:



Concello A Guarda

- Un pozo del servizo municipal de saneamento
- Un poste de formigón cunha luminaria do servizo de alumeadado público
- Integrados nos muros de peche das parcelas están tamén os cadros de contadores de luz da vivenda de D. José Manuel Renda e de D. Ramón González.
- A existencia da instalación de saneamento na prolongación do camiño dentro da parcela de D. Ramón González, se debe considerar como unha servidume de paso de instalacións.
- O camiño público foi ampliado unha distancia aproximada entre 0,5 e 1,0 ml, cando se constrúe o actual peche frontal da parcela de D. José Manuel Renda
- O muro construído como peche da parcela de D. José Manuel Renda, non se axusta á licenza de obras outorgada, nº 145/1994, xa que debería estar recuado 5 ml o eixo do camiño (antigo) o que supón practicamente a posición actual da vivenda existente.
- **A zona mais ancha do camiño onde se sitúa o portal de acceso a parcela de D. José Manuel Renda e a porta de garaxe que dá acceso a planta baixa da vivenda, non formaba parte do antigo camiño segundo a documentación gráfica do catastro antigo. Esta zona salvo o feito de estar pavimentada con formigón armado igual que o camiño público, carece de elementos físicos que a permitan determinar o carácter público da propiedade.**

Sexto: A raíz de dito informe este Letrado emitiu unho novo de data 26-2-2014 no que se formulou a Alcaldía a seguinte proposta:

“- Non incoar expediente de investigación sobre a titularidade das fincas litixiosas e o camiño, onde se pretenden construír os peches e portais polos particulares implicados, por estar clara a titularidade de camiño público municipal, trasladando o acordo que se adopte os dous interesados con expresión dos recursos procedentes. Axuntarase á notificación o informe técnico municipal emitido o 2-1-2014.

- Requerir ós interesados que, en relación as súas solicitudes de licencia de datas 10 e 11 de Setembro de 2013, para a súa resolución deberán solicitar sinalamento de aliñación o amparo dos artigos 2.5.7 e 2.5.8 do Plan Xeral e aportando plano topográfico no que se especifique o lugar exacto no que se vai realizar a obra para que teña lugar dito sinalamento. Indicándolles que este acordo é un acto de trámite e que polo tanto non é susceptible de entablar recurso algún contra o mesmo.

-Continua-la tramitación da licencia de obra interesada polo Sr. Renda con data 17-9-2013, notificándoa ós dous interesados unha vez concedida.”.

Asumindo tal informe, a Alcaldía de A Guarda dictou decreto de data 28-2-2014 decidindo non incoar expediente de investigación sobre a titularidade das fincas litixiosas e o camiño, onde se pretenden construír os peches e portais polos particulares implicados, por estar clara a titularidade de camiño público municipal (folios 161 y ss.).

Sétimo: Tamén a Alcaldía dirixiu oficio de data 27-2-2014 ó representante do Sr. Renda, requeríndolle a efectos de obter a licencia de obras interesada, a documentación indicada no apartado 2 do informe citado. Tanto o Decreto como os oficios citados foron notificados o 4-3-2014. Impugnando o referido Decreto foi entablado polo Sr. Abeleira Cabaleiro en representación do Sr. Renda recurso de reposición mediante escrito do 24-3-2014 (folios 179 y ss.). É de destacar que o Sr. Abeleira nese escrito di literalmente que “...dicho camino que discurre desde el linde sur de la parcela 221, hasta el frente de la parcela 219, es parte del vial público denominado 3ª Transversal A Cruz, antes ser serventía de acceso a esas tres parcelas,...”. Visto que transcurriu o prazo indicado sen que polo interesado se aportara o requerido, a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23-7-2014 tivo por desistido o Sr. Renda da súa solicitude. Asimesmo mediante resolución da Alcaldía de 13-8-2014 rexeitouse o recurso de reposición entablado polo Sr. Abeleira mediante o escrito de 24-3-2014, sendo firme e consentido na actualidade, aínda que foi impugnado en reposición polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de



Concello A Guarda

18-9-2014, porque contra unha resolución dun recurso de reposición non cabe novo recurso de reposición.

Oitavo: O Sr. Abeleira en representación do Sr. Renda presenta escrito de data 31-3-2014 no que interesa a concesión de licencia de obras para construción de peche e portalón de entrada na súa propiedade, si ben esta vez para proceder o peche do camiño público delimitado no anterior informe do Arquitecto municipal. Tal licencia de obras mereceu informe do Arquitecto municipal de data 24-4-2014 en sentido desfavorable, por non aportar acta de liña e rasante e outra documentación, motivando que o Sr. Abeleira fose requerido mediante oficio do 29-4-2014 para subsanar tales defectos, respondendo a elo mediante escrito del 10-5-2014 no que volve a interesar licencia para un novo peche a ubicar noutro sitio distinto do mesmo camiño público.

Noveno: O Sr. Abeleira actuando en nome propio tamén presentou escrito de data 31-3-2014 no que denuncia a caducidade da licencia de obras n.º 236/2002 outorgada o día 7-10-2002 a favor de D. Ramón González para construción dun garaxe na rúa 3ª Transversal de A Cruz, n.º 22, parcela catastral n.º 223, indicando expresamente no seu escrito que dita construción está “...ubicada invadiendo **terrenos destinados a la ampliación y regularización del vial al que da frente (3ª Transversal de A Cruz); con una distancia 4,08 metros entre alineaciones contrapuestas, en lugar de los obligatorios 8 m. ...**”.

Décimo: O 4-8-2014 a Policía Local persoada no domicilio do Sr. Renda pode constatar que este colocou unha cadea polo mesmo lugar no que tiña solicitado a licencia de 11-9-2013 para instalar un portal de corredera, dita cadea está suxeita entre dúas paredes e no centro por un ferro empotrado no cemento, tendo una cartel coa leyenda “propiedad privada”.

Décimo: Previa denuncia formulada por D. Ramón González mediante escrito de 8-8-2014, pola instalación de dita cadea, tra-la correspondente visita de comprobación, o Arquitecto municipal emite informe do 13 de Agosto de 2.014, no que se pon de manifesto que :

“ Hermelindo Martínez González, como Arquitecto Técnico do concello de A Guarda e a vista do parte da Policía Local no que se recolle que por parte de D. Manuel Renda, procedeuse a instalación dunha cadea a modo de peche en parte do tramo de vía pública situado fronte a súa vivenda sen a correspondente licencia,, e emítese o seguinte informe.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

P.X.O.U. de A Guarda. segundo aprobación definitiva do 27/07/93 e M.P. do 27/12/96.

Lei 9/02 de Ordenación Urbanística, e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPGA).

Lei 14/04 de modificación da lei 9/02.

ANTECEDENTES

- Remítámonos os antecedentes recollidos no informe de data 12 de xuño de 2014, resposta o R.E. 1549, o que se remite para fundamentar a paralización o presente escrito do interesado.

Dito tramo de camiño e de titularidade pública, froito da cesión levada a cabo para o camiño público que discorre polo fronte da propiedade, o ter que axustarse este a licencia concedida no seu día para a construción da súa vivenda, lic. 122/1987 na que sinalouse un retranqueo de 5,00 m o eixo do camiño, e que se ben non materializou, na totalidade do fronte da súa parcela o mencionado fronte, si o materializou no tramo que pretendese usurpar coa cadea.

Dito tramo de superficie se pecha, foi obxecto de petición por parte o interesado mediante entre outros o escrito R.E. 4908 11-09-2013, para a instalación dun portal corredeira, e notificouse o interesado R.S. 507 de 03/03/2014, que tras a investigación realizada sobre a titularidade do camiño, deberá solicitar aliñamento e rasante, presentar plano topográfico do terreo e acreditar de xeito fidedigno a titularidade dos terreos. E arquivada a súa

Concello A Guarda

solicitude por parte da X.G.L. de data 23 de xullo de 2014 por entenderse desistido da súa petición o sobrepasarse sobradamente o prazo de 15 días outorgado para a presentación da documentación requirida, feito este que foi notificado mediante o R.S. 2144 do 4 de agosto de 2014.

SITUACIÓN DE FEITO

Xirada visita o 04/08/2014 por parte da policía local ante as chamadas dos veciños, constatan e así consta no correspondente parte de denuncia que por parte de D. José M. Renda acometeranse as actuacións encamiñadas a realización de un peche que se citan a continuación.

Por parte do interesado realizase un peche mediante a instalación dunha cadea e postes en liña con un dos peches da súa propiedade e paralelo a fachada da súa vivenda sen contar con a perceptiva licencia, saltándose o procedemento establecido e sen acreditar a titularidade do predio que pretende pechar, e sen contar con a perceptiva aliñación previa. Por parte do interesado non pode alegar descoñecemento, posto que foi convenientemente informado por parte do Concello.

Tendo en conta que ditos obras son feitas sen a correspondente licencia, se debe instar o interesado a que repoña a maior brevidade posible a legalidade urbanística.

SITUACIÓN DE DEREITO

Tendo en conta que de acordo coa lei 9/2002 LOUGA e posteriores modificacións no artigo 194º licencias urbanísticas recolle que están suxeitos a licencia sen prexuízo de outras autorizacións entre outros os actos de edificación e uso do solo, e segundo o artigo 196º, cando os usos do solo se realicen en terreos de dominio público como é o caso, se esixirase a licencia municipal, feito que non foi autorizado o interesado o non acreditar este a titularidade dos terreos.

De acordo co artigo 209º e seguintes sobre a protección da legalidade urbanística, cando se este executando obras sen licencia o alcalde ordeará a suspensión inmediata dos devanditos actos, e procederá a incoa-lo correspondente expediente de reposición da legalidade, comunicándollo o interesado. Co acordo da suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, para ditos efectos o alcalde poderá, ordena-la a retirada dos materiais preparados para ser utilizados e entre outras adoptar calquera outra medida que sexa conveniente a prol da efectividade da suspensión. Instruir o expediente de reposición da legalidade logo da audiencia o interesado, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

CONCLUSIÓN

A vista do Exposto e concluíndo, D. José Manuel Renda, procedeu a realización dun peche da súa propiedade, non acreditou documentalmente nin a propiedade da súa parcela, non solicitou o aliñamento correspondente, feitos que lle foron notificados, e que non foron subsanados polo que, non conta con a correspondente licencia que autoriza a levar a cabo os feitos denunciados e comprobados. Por parte da Alcaldía e de acordo co artigo 219º da LOUGA e seguintes, poderá ordenar a suspensión dos actos, ordenar a retirada dos materiais preparados para seren utilizados, ou adoptar calquera outra medida que se estime oportuna. Todo isto sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

O que se traslada a esta Alcaldía para que obre segundo estime.”

Undécimo: A Alcaldía de A Guarda con data 13-8-2014 e seguindo o criterio do Técnico decide, en relación as obras de colocación da cadea, ordear a suspensión dos traballos levados a cabo, retirar a cadea o poste intermedio e repoñer o firme, dando traslado do acordo e concedendo trámite de audiencia ó interesado, sen prexuízo da incoación dos expedientes de restauración da legalidade urbanística e sancionador. O Sr. González presentou escrito no Concello o 14-8-2014 interesando novamente o marcado con raias amarelas e sinalización de prohibido aparcar no mencionado lugar, para que puidesen dala volta os vehículos que accedan o lugar.

Duodécimo: Tra-lo pertinente informe xurídico de data 1-10-2014, o Alcalde do Concello de A Guarda



Concello A Guarda

dictou resolución de data 2-10-2014 pola que incoouse expediente de reposición da legalidade urbanística e sancionador polas mencionadas obras sen licencia levadas a cabo polo Sr. Renda, o cal dentro do trámite de audiencia presentou escrito de data 14-10-2014, opoñéndose o expediente por varios motivos, entre outros, por estar atribuída a súa competencia para tramita-lo na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

décimoterceiro: Previo informe-proposta da Asesoría Xurídica, a Alcaldía dictou decreto de data 20-5-2015 no que ordeouse :

“**PRIMEIRO:** Ordear a D. JOSE MANUEL RENDA ALVAREZ por ser o promotor das obras obxecto deste expediente, a demolición da cadea existente no nº 24 da rúa 3ª Transversal da Cruz e que está suxeita entre dúas paredes da súa propiedade e no centro por un ferro empotrado no cemento, tendo un cartel coa leyenda propiedade privada carecendo de comunicación previa e sendo ilegalizables, demolición que se verificará **no prazo máximo dunha semana** a contar dende o día seguinte a recepción da presente, procedendo a impedir definitivamente os usos a que deran lugar, baixo advertencia de que de non verificarse poderá incurrir nun delito de desobediencia á autoridade tipificado no artigo 556 do Código Penal. Tamén se lle advirte expresamente, con carácter de requerimento previo, que de non levala a cabo en dito prazo, o Concello, a través do órgano competente, disporá a retirada das devanditas obras, o que se levará a cabo ben polas brigadas municipais, ben mediante a contratación das mesmas a unha empresa especializada, impondo o custo ó promotor, por canto tódolos gastos ocasionados serán de conta do interesado, ou ben, á execución forzosa mediante multas coercitivas reiterables, ata acadar a execución polo suxeito obrigado, en contía de 300 a 3.000 euros cada unha.

SEGUNDO: Impoñer a D. José Manuel Renda Alvarez como promotor e propietario das obras e, polo tanto, responsable dunha infracción grave, a sanción de 6.001 €.

TERCEIRO: Dado que o ordeado é unha cuestión que ten que executar de xeito persoal o interesado notifíquese a presente por medio da Policía Local o Sr. Renda e por correo con acuse recibo o Sr. Abeleira Cabaleiro e a D. Ramón González en tanto que denunciante.”

Catorceavo: Mediante escrito de data 13-6-2015 o interesado formulou recurso de reposición contra o mencionado decreto, do cal deuse traslado o denunciante mediante oficio de data 1-7-2015. Tal recurso foi rexeitado mediante resolución da Alcaldía de data 26-8-2015, fronte a cal se interesa a suspensión da súa execución mediante escrito de data 5-9-2015 que foi rexeitada mediante decreto de 15-10-2015.

Quinceavo: O Sr. González González volta a presentar escrito de data 27-10-2015 no que reitera a súa petición de pintado con liñas amarelas de prohibido aparcarse no espazo litixioso, baseándose en que o Concello xa informou de que é vía pública. Dito escrito reiterouno en data 12-12-2015.

Décimosexto: O Sr. Renda impugnou a resolución da Alcaldía de 26-8-2015 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, tramitándose baixo o procedemento abreviado nº 288/2015, no cal dictouse sentenza de data 28-4-2016 na que estimouse parcialmente o recurso contencioso-administrativo entablado no sentido de anular a sanción imposta de 6.001 €, confirmando a orde de demolición da cadea.

Décimoséptimo: O Oficial Xefe da Policía Local con data 11-1-2016 emitiu informe no que se dí que na vivenda do Sr. Renda hai un vehículo estacionado e indica que “esa calle tiene una pendiente muy pronunciada, a parte de ser estrecha (solo hay paso para un vehículo). Además también tiene el grave inconveniente de que no tiene salida. Esta calle da acceso a unas viviendas, pero al ser tan estrecha y al estacionar un vehículo en ese lugar, los vehículos que acceden a la misma, se encuentran con el problema que para poder salir de dicha transversal lo tendrían que hacer marcha atrás, maniobra muy complicada, dado que si ya es difícil acceder de una manera normal, no digamos hacia atrás. En caso de que no se estacionase en el mencionado lugar, si se podría hacer la maniobra para cambiar de sentido y que el coche bajase, como tiene que hacerlo, es decir de frente, pero al tener ese obstáculo no se puede realizar ese cambio de dirección, por lo que sería conveniente señalar esa zona para que no aparcasen los vehículos



Concello A Guarda

y facilitar el acceso a dichas viviendas. Se adjuntan fotografías para su constatación.”, o cal serviu de base para que a Xunta de Goberno municipal con data 11-2-2016 acordase acceder ó interesado polo Sr. González, sendo notificado dito acordo soamente o Sr. González.

Décimo oitavo: Con data 29-9-2016 o Xefe da Policía Local emite informe no que constata que con esa mesma data persoase no domicilio do Sr. Renda co obxecto de proceder ó pintado da zona con liñas amarelas para prohibir o estacionamento de vehículos, para o cal solicitoulle a dito señor que retirase o seu vehículo para proceder ó pintado, ó cal negouse o Sr. Renda en base a un suposto pleito sobre o asunto e que estaba sen resolver. Finalmente, o Sr. González presenta un novo escrito de data 2-11-2016 no que interesa novamente o cumprimento do acordado o 11-2-2016.

Décimo noveno: A fin de resolver a contradicción existente entre os dous acordos da Xunta de Goberno de 3-5-213 e 11-2-2016 emitíuse informe xurídico de data 7-8-2017 o cal serviu de base para que a Alcaldía dictase resolución de data 21-8-2017 na que decidiuse “1º.- Trasladar a D. José Manuel Renda Álvarez, representado polo seu representante legal D. Eulogio Abeleira Cabaleiro con domicilio na Avda. de Castelao, nº 51, 8º-A de Vigo o recurso de reposición entablado por D. Ramón González González mediante escrito de data de entrada el 6-6-2013 solicitando que se recoñecese a titularidade pública do camiño nese concreto espacio e o pintado das franxas amarelas de prohibido aparcar, **para que alegue todo o que estime procedente no prazo de quince días a contar dende o seguinte ó da recepción da notificación desta resolución.**”

2º.-Trasladarlle, asimesmo, o escrito de data 14-8-2014, no que se aportan probas do uso común de tal espacio.

3º.- Notificar o presente acordo a D. Ramón González González para o seu coñecemento.”.

Vigésimo: Con fecha 13-9-2017 D. Eulogio Abeleira en representación de D. José Manuel Renda presentou escrito de alegacións solicitando a inadmisión do recurso de reposición en base a que o sitio onde preténdese pintar as liñas amarelas de prohibido aparcar é de titularidade privada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- A fin de resolve-lo recurso de reposición en cuestión debemos ter en conta unha serie de datos que son de suma importancia, cales son que o Sr. Abeleira, representante do Sr. Renda solamente emprega como argumento para a súa desestimación o da titularidade, cando, tal como dedúcese do decreto no que se lle da traslado do recurso, deixase ver claramente que dito argumento non é o único, de feito nese decreto indícase que **“e tendo en conta que con independencia da titularidade do camiño a día de hoxe é factible regular o aparcamento nesa zona porque o artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que aprobase o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial que dí que “Los preceptos de esta ley son aplicables en todo el territorio nacional y obligan a los titulares y usuarios de las vías y terrenos públicos aptos para la circulación, tanto urbanos como interurbanos, a los de las vías y terrenos que, sin tener tal aptitud, sean de uso común y, en defecto de otras normas, a los titulares de las vías y terrenos privados que sean utilizados por una colectividad indeterminada de usuarios.”. No mesmo sentido o artigo 1 do Regulamento de Circulación que dí “1. Los preceptos de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridade vial, los de este reglamento y los de las demás disposiciones que la desarrollen serán aplicables en todo el territorio nacional y obligarán a los titulares y usuarios de las vías y terrenos públicos aptos para la circulación, tanto urbanos como interurbanos, a los de las vías y terrenos que, sin tener tal aptitud, sean de uso común y, en defecto de otras normas, a los de las vías y terrenos privados que sean utilizados por una colectividad indeterminada de usuarios.”**

2. En concreto, tales preceptos serán aplicables:

a) A los titulares de las vías públicas o privadas, comprendidas en el párrafo c), y a sus usuarios, ya lo sean en concepto de titulares, propietarios, conductores u ocupantes de vehículos o en concepto de peatones, y tanto si circulan individualmente como en grupo.



Concello A Guarda

Asimismo, son aplicables a todas aquellas personas físicas o jurídicas que, sin estar comprendidas en el inciso anterior, resulten afectadas por dichos preceptos.

b) A los animales sueltos o en rebaño y a los vehículos de cualquier clase que, estáticos o en movimiento, se encuentren incorporados al tráfico en las vías comprendidas en el primer inciso del párrafo c).

c) A las autopistas, autovías, carreteras convencionales, a las áreas y zonas de descanso y de servicio, sitas y afectas a dichas vías, calzadas de servicio y a las zonas de parada o estacionamiento de cualquier clase de vehículos; a las travesías, a las plazas, calles o vías urbanas; a los caminos de dominio público; a las pistas y terrenos públicos aptos para la circulación; a los caminos de servicio construidos como elementos auxiliares o complementarios de las actividades de sus titulares y a los construidos con finalidades análogas, siempre que estén abiertos al uso público, y, en general, a todas las vías de uso común públicas o privadas.

No serán aplicables los preceptos mencionados a los caminos, terrenos, garajes, cocheras u otros locales de similar naturaleza, construidos dentro de fincas privadas, sustraídos al uso público y destinados al uso exclusivo de los propietarios y sus dependientes.”.

Partindo do exposto anteriormente, imos a entrar a resolver o recurso tendo en conta ese argumento e que o Sr. Renda non opuso ningún argumento ao mesmo. Así, do exposto resulta que é factible regular o tráfico nese lugar dado que trátase dun lugar de propiedade privada que é utilizado por una colectividade indeterminada de usuarios como así resulta acreditado por D. Ramón González mediante instancia de data de entrada o 14-8-2014 (folio 361) e pola Policía Local no informe que logo citaremos, xa que logo deles resulta que hai unha serie de vehículos que circulaban normalmente por tal sitio para acceder as vivendas alí existentes e polo tanto para saír de tal lugar. Así, a instancia en cuestión está asinada por varias empresas titulares deses vehículos que habitualmente acceden alí a prestar suministros de alimentación, gas-oil, butano, produtos agrícolas, etc., e que figuran como asinantes da instancia, e finalmente a Policía Local informa que hai vehículos que acceden a ditas vivendas sen especificar cales. Faltaría agra por analizar si é posible prohibir o estacionamento nese lugar concreto, e para elo nada mellor que acudir ó informe do Xefe da Policía Local de data 11-1-2016 (antes referido) no que se dí que na vivenda do Sr. Renda hai un vehículo estacionado e indica que “esa calle tiene una pendiente muy pronunciada, a parte de ser estrecha (solo hay paso para un vehículo). Además también tiene el grave inconveniente de que no tiene salida. Esta calle da acceso a unas viviendas, pero al ser tan estrecha y al estacionar un vehículo en ese lugar, los vehículos que acceden a la misma, se encuentran con el problema que para poder salir de dicha transversal lo tendrían que hacer marcha atrás, maniobra muy complicada, dado que si ya es difícil acceder de una manera normal, no digamos hacia atrás. En caso de que no se estacionase en el mencionado lugar, si se podría hacer la maniobra para cambiar de sentido y que el coche bajase, como tiene que hacerlo, es decir de frente, pero al tener ese obstáculo no se puede realizar ese cambio de dirección, por lo que sería conveniente señalizar esa zona para que no aparcasen los vehículos y facilitar el acceso a dichas viviendas. Se adjuntan fotografías para su constatación.” Esto é o indicado Policía Local pon de manifesto que o estacionamento dese vehículo nesa zona dificulta gravemente o tráfico pola vía municipal agora de saír de tal vía, pola difícil maniobra que teñen que realizar cando o vehículo está estacionado e que se supón que antes non o estaba, o que conleva que haxa que acudir as normas de tráfico sobre estacionamento, atopándonos con que o artigo 94 do Regulamento Xeral de Circulación que dispón que “1. Queda prohibido parar:

c) En los carriles o parte de las vías reservados exclusivamente para la circulación o para el servicio de determinados usuarios.

d) En las intersecciones y en sus proximidades si se dificulta el giro a otros vehículos, o en vías interurbanas, si se genera peligro por falta de visibilidad.

2. Queda prohibido estacionar en los siguientes casos:

a) En todos los descritos en el apartado anterior en los que está prohibida la parada.”.



Concello A Guarda

En idéntico sentido pronúnciase o artigo 40 do Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro. Por conseguinte tratándose ese lugar dun lugar que viña sendo utilizado polos distintos vehículos antes citados (incluso os dos moradores e visitantes das vivendas as que da servizo a rúa) para dar a volta e poder así saír da rúa en cuestión, trátase dun caso claro de servizo de determinados usuarios no cal a lei permite prohibir o estacionamento. Igualmente, estaríamos en presenza dunha intersección o súas proximidades no que estacionamento dificulta enormemente o xiro dos vehículos tal como detalla o informe policial, motivo polo que procede estimar o recurso de reposición de D. Ramón González e acceder a súa petición de pintado con raias amarelas o lugar indicado para prohibir o estacionamento, incluso poderíase colocar un sinal que prohiba tal estacionamento.

II.- Outro dato relevante para a estimación do recurso ven constituído polo feito de que no decreto de 21-8-2017 notificado o representante do Sr. Renda, faise referencia expresa ao acordo da Xunta de Goberno de 11-2-2016 no que accedeuse ó peticiónado polo Sr. González de pintado de raias amarelas para prohibir o estacionamento, acordo que si ben non se executou, é dende o día que notificouse tal decreto de 21-8-2017, un acto administrativo coñecido e que agora convertiuse en firme e consentido para o Sr. Renda ó non ser impugnado dende a data en que notificouse aquel decreto poñendo de manifesto a súa existencia.

En consecuencia procede revocar o acordo da Xunta de Goberno no sentido de acceder ó pintado de raias amarelas prohibindo estacionamento no fronte do nº 24 da 3ª Transversal da Cruz, polos motivos expostos, sen proceder ao recoñecemento do carácter público onde van pintarse as liñas, por canto non está acreditada a titularidade municipal de dito espacio, aínda que si que era utilizada por outros vehículos para saír da rúa en cuestión.

E vista a seguinte proposta de resolución:

Estimar en parte o recurso de reposición entablado por D. Ramón González mediante escrito de data de entrada 6-6-2013 contra o acordo adoptado en sesión de data 3-5-2013 pola Xunta de Goberno Local decidindo non acceder á solicitude de pintado con liñas amarelas no fronte do nº 24 da 3ª Transversal da Cruz mediante escrito do 16-4-2013, e, en consecuencia, acceder ó peticiónado polo devandito recorrente naquel escrito ordeando a Policía Local a que proceda o pintado de raias amarelas de prohibido aparcar nese lugar sen recoñecemento do carácter público de dito sitio, trasladando o acordo que se adopte á Policía Local, a D. José Manuel Renda, notificándollo o seu representante legal D. Eulogio Abeleira Cabaleiro con domicilio na Avda. de Castelao, nº 51, 8ª-A de Vigo así como a D. Ramón González González, no domicilio sito na 3ª Transversal Barrio da Cruz nº 22, indicando o recurso procedente, neste caso é o contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte o da notificación.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos mesmos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 4.- Expediente 2509/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A LIBRE CONCURRENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución



Concello A Guarda

Antecedentes:

Primeiro: Con data 22 novembro del 2017, Dna. L.M.L.P. presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar con cargo a libre concurrencia a L.M.L.P.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 1.443/2017.- D. JESÚS GONZÁLEZ GONZÁLEZ, PARA SOLADO DE MORTERO NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M². E 7 CMS. DE ESPESOR NO FAIADO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MALTESES N.º. 123, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.443/2017.- D. JESÚS GONZÁLEZ GONZÁLEZ, PARA SOLADO DE MORTERO NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M². E 7 CMS. DE ESPESOR NO FAIADO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MALTESES N.º. 123, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.865/2017.- D. JOSÉ BAZ LOMBA, PARA ADAPTACIÓN DE BAIXO A GARAXE COLECTIVO EN EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA DE MALTESES N.º. 117, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.524/2017.- D^a. GUMERSINDA MARTÍNEZ MARTÍNEZ, PARA PECHE DE FINCA LATERAL CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 42,60 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,80 MTS. REALIZADO CON BLOQUES E POSTES PREFABRICADOS DE FORMIGÓN REVESTIDO E PINTADO DE COR BRANCO SITO NA RÚA DE 1º TRV. ALOQUIRO N.º. 29, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.779/2017.- D. JOSÉ RODRÍGUEZ GARCIA, PARA REFACER MURO DE MAMPOSTERÍA NUNHA LONXITUDE DE 40,00 MTS. CONTRA LINDEIRO OESTE DA PARCELA NÚM. 271 SITA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE N.º. 7, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.779/2017.- D. JOSÉ RODRÍGUEZ GARCIA, PARA REFACER MURO DE MAMPOSTERÍA NUNHA LONXITUDE DE 40,00 MTS. CONTRA LINDEIRO OESTE DA PARCELA NÚM. 271 SITA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE N.º. 7, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.308/2016.- D^a. MATILDE PORTELA LORENZO, PARA REPARACIÓN DE



Concello A Guarda

FACHADA DA VIVENDA UNIFAMILIAR CONSISTENTE NA RETIRADA DE PLAQUETAS SUXEITAS A PAREDE E CAPA DE CEMENTO NA PARTE BAIXA E COLOCACIÓN DE CHAPA DE PEDRA PAIS DE 2,5 CMS. DE GROSOR NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M²., LAVADO DE PAREDES CON MÁQUINA DE AUGA A PRESIÓN E HIDROFUGADO DE PAREDES NUNHA SUPERFICIE DE 150,00 M². SITA NA RÚA DE BARREIRA N.º. 1, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “O CASTRO” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.098/2017.- D. JUAN ANTONIO ALONSO PAIS, PARA COLOCACIÓN DE GRES RÚSTICO EN PATIO EXTERIOR NUNHA SUPERFICIE DE 48,08 M²., E REMATES EN XARDINEIRA NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3º TRV. CORUTO VELLO N.º. 5, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.7900/2017.- D^a. MARÍA AZUCENA FAJAR ALONSO, PARA REFORMA PORTAL DE ACCESO A VIVENDA SITA NA RÚA DE SETE CAMIÑOS N.º. 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “TABOLADO-FUNCHIDOS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.281/2017.- D^a. MARÍA DEL PILAR MARTÍNEZ ALONSO, PARA REPARACIÓN DE PARTE DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 5 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OLIVA N.º. 73, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.291/2017.- D. JOSÉ FRANCISCO CARBALLO ÁLVAREZ, PARA APERTURA DE ENTRADA Á FINCA CONSISTENTE EN DESATERRO DE 36 M³. DE TERRA, FACER MURO LATERAL CON PEDRA EXISTENTE NUNHA SUPERFICIE DE 12 M². E AFIRMADO DE RAMPA CON FORMIGÓN DE 12 CMS. DE ESPESOR EN 5,40 M³. SITA NA RÚA DE A CRUZ N.º. 29 (PARCELA 243-POLÍGONO 28), EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

PUNTO 6.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN DE PARCELA SITA NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS N.º. 7, A INSTANCIA DE D. VICTORIANO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. RC-4.806 de data 14 de setembro de 2017, a instancia de **D. VICTORIANO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ** e con domicilio na rúa de Xunqueiriñas n.º. 7 de A Guarda-C.P. 36789, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. José Antonio González Barbosa para “**SEGREGACIÓN DE PARCELA**”, sita na rúa de Xunqueiriñas n.º. 7.

INFORMES:

INFORME TÉCNICO 26-10-2017:

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licenzia para “SEGREGACIÓN DE PARCELA” sita na rúa de Xunqueiriñas n.º. 7, teño a ben emiti-lo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Proxecto técnico de segregación de parcelas a nome de D. Victoriano Rodríguez González, redactado polo arquitecto técnico D. Juan Antonio González Barbosa, con data de visado do 11.09.17

1.2.- Documentación de titularidade da parcela obxecto de segregación con unha superficie de 2.499 m² (2.565,73 m² segundo o proxecto técnico).



Concello A Guarda

1.3.- Acta de aliñación e rasante da parcela matriz emitida polos servizos técnicos municipais de data 24.11.16.

1.4.- Con data 7.11.16 outorgouse sobre dita parcela una licenza de parcelación.

1.5.- Con data 9.10.17 achégase ó expediente a seguinte documentación:

- Poder de representación.
- Renuncia a licenza de parcelamento outorgada con data 7.11.16.

1.6.- Con data 17.10.17 achégase ó expediente a seguinte documentación:

- Plano A.01.1.
- Plano A.01.6.

1.7.- Con data 25.10.17 achégase ó expediente a seguinte documentación:

- Pro forma de documento privado da división prevista.

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- O Concello de A Guarda ten P.X.O.U. con aprobación definitiva do 29.07.93 e M.P. do 27.12.96.

2.2.- A parcela matriz ten a seguinte referencia catastral:

- 36023A015001690000UX

2.3.- A parcela está clasificada como “Solo non urbanizable de núcleo rural”, cualificada coa ordenanza nº. 9.

2.4.- Conforme establece a disposición transitoria primeira da lei 2/2016 para o planeamento non adaptado á lei 9/2002, no seu apartado 2.c

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

2.5.- O obxectivo do proxecto presentado e dividir a parcela matriz en dúas novas parcelas axustadas a ordenanza de aplicación.

2.6.- Sobre a parcela matriz existe una edificación de vivenda unifamiliar con outras edificacións auxiliares.

2.7.- O linde frontal da parcela matriz coincide coa aliñación conforme a acta de aliñación e rasante emitida polos servizos técnicos municipais polo que non existe cesión de solo para ampliación de viais.

2.8.- O proxecto xustifica o cumprimento das condicións urbanísticas das parcelas de resultado.

2.9.- As parcelas resultado da segregación serán as seguintes:

	SUP.
PARCELA 1 vivenda unifamiliar	1.435,71 m ² .
PARCELA 2	1.130,02 m ² .
Total	2.565,73 m ² .

2.10.- Parcelas de resultado conforme normativa de aplicación.

PARCELA 1



Concello A Guarda

ORD. Nº. 9 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL				
ORDENANZA		P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA		600,00 m ² .	1.435,71 m ² .	CUMPRE
EDIFICABILIDADE		0,40 m ² /m ² .	(380,27 m ²) 0,26 m ² /m ² .	CUMPRE
ÍNDICE OCUPACIÓN		30,00 %.	(232,34 m ²) 16,18 %.	CUMPRE
RECUAMENTOS EDIFICACIÓNS	A LINDEIRO	3,00 m.	3,00 m.	CUMPRE
RECUAMENTO PECHE	A EIXO VÍA	Aliñación ou 4 m ó eixo.	Aliñación.	CUMPRE
FRONTE a vía pública			SI.	CUMPRE

Cumpre con todos os parámetros.

PARCELA 2

ORD. Nº. 9 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL				
ORDENANZA		P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA		600,00 m ² .	1.130,02 m ² (neta).	CUMPRE
FRONTE a vía pública			SI.	CUMPRE

Cumpre con todos os parámetros.

2.11.- A Segregación proposta cumpre coas indicación sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do PXOU e co artigo 15 da lei 2/2016. de solo de Galicia.

2.12.- A documentación presentada cumpre co previsto no artigo Art. 355 do RLSG.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase **favorable**.

3.2.- Conforme establece el artículo 355. f del regulamento da LSG, de regulamento, **a resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelación ou que declare a súa innecesariedade, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.**

3.3.- A autorización de segregación non implica en ningún caso autorización de edificación u obra de ningún tipo.

INFORME XURÍDICO 09-11-2017:

Conta co informe xurídico subscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarellos, quen indica que non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** a licencia, e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Previa subsanación do defecto de representación (outorgar poder perante o Secretario do Concello), acepta-la renuncia á licenza de parcelación outorgada o 7-11-2016 a favor do Sr. Rodríguez González.

2º.- Concede-la licencia municipal de parcelación a favor de D. Victoriano Rodríguez González, debendo indicarse que en ningún caso autoriza dita licencia a edificar, indicándose no texto da mesma que a mesma conleva a obrigación de inscribir no Rexistro da Propiedade das dúas parcelas de resultado, debendo consignar o texto da licencia todo-los extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO



Concello A Guarda

143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 16.11.2017.

Conta con informe **favorable**.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados.

PUNTO 7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS

A Xunta de Goberno Local da conta dase seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 1765/2017.- D^a. DIANA GONZÁLEZ ÁLVAREZ, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE CAFÉ BAR E COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS TÍPICOS SITO NA RÚA DE CERVANTES, N.º 1-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 5 DO P.X.O.U.).

PUNTO 8.- LICENZA DE OBRAS

EXPEDIENTE NÚMERO: 1.201/2017.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 23-06-2016 (R.E. n.º 4.061), por **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con C.I.F. n.º A-63222533 representado por D. Fernando Val López con D.N.I. n.º 02.603.475-J e con domicilio na rúa de Travesía de Vigo n.º 204-C.P. 36207, para licenza de obra de **“canalización subterránea nunha lonxitude de 76 mts. e realización de 2 calas de acceso a rede para instalar liña de baixa tensión de suministro eléctrico de 86,6 kw. ó novo local destinado a actividades municipais”** sito na Praza do Reló n.º 5, en Solo Urbano, segundo proxecto técnico suscrito polo enxeñeiro industrial D. Darío Sánchez Maeso.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González de data 30-06-2016, considérase **favorable** dende o punto de vista documental e técnico por ser obras acordadas co P.X.O.U. de A Guarda, si ben con carácter previo deberá liquidar as taxas por licenza de obras e obter a autorización preceptiva e vinculante do Servizo de Protección do Patrimonio.

SEGUNDO.-

2.1.- Conta con informe **favorable** do asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarellos de data 05-07-2017, previo pago das taxas municipais que se lle liquiden ó solicitante, procede autorizar a concesión da licenza de ocupación de dominio público municipal sobre o subsolo público municipal para a realización da canalización da liña de baixa tensión en 76 ml. por un prazo de 15 anos, así como para ocupar o dominio público do solo municipal onde vaia realizarse a obra solicitada e polo tempo preciso para ela, impoñendo as condicións do informe técnico obrante no expediente e o informe da Xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural obrante no expediente.

TERCEIRO.-

3.1.- Con data 18-07-2017 Unión Fenosa Distribución, S.A. realiza ingreso da taxa urbanística e imposto de construción por importe de 628,93 €.



Concello A Guarda

CUARTO.-

4.1.- 02-11-2017.- Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. (Exp.: 1066/16), de autorización do control arqueolóxico da “RBTS Praza do Reló, 5”.

QUINTO.-

5.1.- Con data 14-11-2017 (R.S. n.º RE-278). Notificación a Unión Fenosa Distribución S.A., acordo da X.G.L. de data 13 de novembro de 2017 pola que se autoriza a ocupación dominio público municipal sobre o subsolo público municipal para a realización da canalización da liña de baixa tensión en 76 ml. por un prazo de 15 anos.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, licenza de obra de “*canalización subterránea nunha lonxitude de 76 mts. e realización de 2 calas de acceso a rede para instalar liña de baixa tensión de suministro eléctrico de 86,6 kw. ó novo local destinado a actividades municipais*” sito na Praza do Reló n.º 5, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

QUINTO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.



Concello A Guarda

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 9.- OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

EXPTE. 1839/2017.-OCUPACIÓN DOMINIO PÚBLICO MTRLAN-SERGAS-(P.A GUARDA-36650001002143) (PSO. PORTUGAL 3)

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. E-RE-524 de data 21 de agosto de 2017, a instancia de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., con C.I.F. nº. A-82.018.474 e con domicilio na rúa de Urzaiz, n.º 131-133 4ª planta de Vigo (36205-Vigo) quen solicita autorización de ocupación de dominio público durante a execución da obra de “construción de de arqueta tipo D en beirarrúa da Rúa Galicia, n.º 1, permiso para construción de 17 ms de canalización subterránea en rúa Galicia e construción de 2,5 ms de canalización subterránea de saída lateral a fachada de Rosalía de Castro, n.º 1

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente, acorda autorizar a concesión da licenza de ocupación de dominio público municipal sobre o subsolo público municipal para a realización da “construción de de arqueta tipo D en beirarrúa da Rúa Galicia, n.º 1, permiso para construción de 17 ms de canalización subterránea en rúa Galicia e construción de 2,5 ms de canalización subterránea de saída lateral a fachada de Rosalía de Castro, n.º 1” por un prazo de 15 anos, así como para ocupar o dominio público do solo municipal onde vai realizarse a obra solicitada e polo tempo preciso para ela, impondo as condicións do informe técnico.

PUNTO 10.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de licenzas de apertura:

Exp. Nº 343/2017 de data 03.03.2017.-

Vista a comunicación previa feita por Dª. DALIA VICENTE CARRERA, con enderezo en Lugar da Portela, n.º 37 de Vigo, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR DE ACCESORIOS E RECAMBIOS DE VEHÍCULOS (Epig. 654.2) no local sito na rúa Estrada de San Roque, n.º 41, e visto o informe favorable de data 18 de xullo de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a Dª. DALIA VICENTE CARRERA licenza municipal nº 28/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE ACCESORIOS E RECAMBIOS DE VEHÍCULOS (Epig. 654.2) no local sito na rúa Estrada de San Roque, n.º 41 da Guarda.

E non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente da por rematada a sesión da que eu, como secretario, dou fe.